

TEMOS UN PAÍS DE PRIMERA

Inculcáronnos de sempre unha monumental mentira: Galiza é pobre. Dinnos que o pobo galego non é quen de se valer por si propio, e que precisamos da “axuda” de Madrid, do Estado español, para cubrir as nosas necesidades esenciais.

Porén, a realidade e a historia demostran a falsidade dese esquema. Galiza non só non é pobre senón que é un país rico, con grandes recursos e potencialidades. Iso si, privado da súa soberanía, e eivado pola histórica dependencia do Estado español. Este lastre impide o desenvolvemento da nosa capacidade produtiva mentres chucha a nosa riqueza para beneficiar outros territorios. Galiza non é pobre. É un país espoliado.

Con capacidade de libre decisión, con soberanía política, seríamos quen de construír un futuro mellor, noso, facendo que a riqueza xerada na Galiza sirva prioritariamente para xerar emprego na Terra, desenvolver o país, e crear benestar para o conxunto do pobo galego.

No noso país, a conquista da democracia, a liberdade, a dignidade, a xustiza e o benestar, teñen un nome: Soberanía.

www.bng.gal
sedenacional@bng-galiza.org
981 555 850
Avda. Rodríguez de Viguri, 16 Baixo
15703 Santiago de Compostela
GALIZA



QUE NON CHE COMAN O COO



non nos deixan producir

Temos as mellores condicións naturais da Península Ibérica para a produción agraria e gandeira. Porén, o leite galego é o que se vende máis barato do Estado español, e ese prezo non repercute no consumidor/a final. Así, **Galiza está á cabeza no abandono de explotacións agrarias**.

O litoral galego é o máis produtivo de Europa. Producimos o peixe e marisco de mellor calidade. Porén, unha política de cotas de captura da Unión Europea, aplicada polo Goberno español, prohíbe que poidamos pescar determinadas especies, que abundan na nosa costa. **No noso mar e nas nosas rías gobernan desde Madrid e Bruxelas**. Galiza é o país de toda a Unión Europea que despezou máis buques pesqueiros e perdeu máis postos de traballo no mar.

Sabemos construír barcos desde hai séculos, mais o de Ferrol é o único estaleiro do Estado que conta coa prohibición expresa desde hai 30 anos de construír buques civís. Esta é unha decisión política que só se nos aplicou a nós.

o espolio do noso aforro

A Galiza é o país do Estado español que perdeu máis capacidade de crédito nos últimos cinco anos. A perda das caixas, a súa conversión en bancos e a súa venda a centros de decisión de fóra do país, provocou a **emigración do noso aforro** e a peor evolución na ratio créditos/depósitos.

balanzas fiscais Galiza/España: os impostos d@s galeg@s pagan os luxos de Madrid

O Estado arrecada na Galiza 7.213 millóns/ano, que se integran na Facenda española, e logo inviste no noso país só 5.891 millóns. Onde vai o resto? Non é certo o que nos contan da "solidariedade española" coa Galiza: Nós vivimos do noso traballo. Non existe a "caridade" de Madrid.

Os cartos dos nosos impostos son tamén espoliados, e serven para sufragar os gastos da Casa Real, ministerios, a capitalidade madrileña, etc., no canto de resolveren os gravísimos problemas (desemprego, emigración, degradación do ensino e da sanidade, atención á terceira idade, etc.) que temos no noso país.

Todas as empresas radicadas na Galiza pagan o seu imposto de sociedades á Facenda española: Citröen, Inditex, Alcoa, Fenosa-Gas Natural, ENCE, ENDESA, etc., pagan os seus impostos fóra, aínda que en moitos casos xeren impacto ambiental e social no noso país. Lúcranse dos nosos recursos, mais os beneficios fiscais emigran.

precisamos soberanía!

enerxía: Galiza produce, Madrid consome

Somos os primeiros produtores de enerxía eléctrica do Estado e, ao tempo, somos o territorio con peor calidade de subministración. **O 40% da enerxía que producimos na Galiza é expatriada**. Non temos ningunha tarifa propia, máis baixa, pola nosa condición de produtores. A nosa enerxía serviu historicamente para industrializar outras zonas do Estado español, como Madrid (que non a produce), mentres na Galiza padecemos as consecuencias sociais e ambientais. Nos últimos cinco anos a tarifa eléctrica subiu un 77%, o maior incremento en toda a UE. Mais só, no último ano, ENDESA obtivo 14.600 millóns de beneficio. Trátannos como unha auténtica colonia.

Pagamos o prezo máis alto do Estado en carburantes e combustíbeis. No 2014 padecemos o incremento nos prezos máis alto do Estado (2,4%), mentres en Madrid baixaba o 0,3%. **Temos na Galiza 44 das 50 gasoleiras máis caras do Estado español**. E iso que en Arteixo temos unha refinaría de petróleo (que non hai en Madrid, nin en Castela-León, Asturias, Cantabria, Aragón, Valencia,...) que debería abaratar este custo... Non é casual que a competencia neste ámbito estea residencia en Madrid, no Goberno español.

"Solidariedade" coa Galiza?

Nos fondos europeos de Cohesión, xestionados polo Goberno español, a comunidade de **Madrid recibiu tres veces máis que Galiza**, a pesar de termos salarios, pensións e renda per cápita máis baixas.

quérennos converter nun país avellentado, subsidiado e dependente

Posuímos a poboación máis avellentada da Unión Europea. A miseria e a emigración, consecuencias da dependencia e da falta de liberdade da Galiza, provocaron esta situación. A día de hoxe, **somos o territorio do Estado co saldo vexetativo máis desfavorábel**. En 1900 a poboación galega representaba o 10'6% da total do Estado. Hoxe, pouco máis do 5%.

acordo UE-EEUU: un atentado contra a Galiza

A UE está a negociar cos Estados Unidos un acordo comercial que impide calquera tipo de control democrático sobre as corporacións económicas, e que afectará á nosa alimentación, á saúde, ás relacións laborais ou ao medio ambiente. Mandarán aínda máis as grandes empresas e lobbies económicos. Na Galiza, onde non posuímos estado propio, **as consecuencias poden ser devastadoras** se non lle facemos fronte a este novo intento depredador do capital sen escrúpulos.

salarios e pensións: máis explotad@s e discriminad@s

O **salario** medio (bruto) na Galiza é de 1.728 euros/mes, case **500 euros máis baixo** que o que se percibe en Madrid.

A media dunha **pensión** na Galiza é de 734 euros/mes, **300 euros máis baixa** que a media que percibe un xubilado en Madrid.

emprego: na Galiza traballamos máis horas e cobramos menos

Segundo datos oficiais, as traballadoras e traballadores galegos, nos seus empregos, tanto a tempo completo como parcial, teñen **xornadas laborais máis altas** e, ao mesmo tempo, cobran **menor salario** que a media no Estado español.

queremos vivir do noso traballo na nosa terra

Na Galiza temos hoxe 260.000 mulleres e homes no paro, a pesar de toda a nosa potencialidade produtiva. Moitas destas persoas non perciben ningún tipo de prestación por desemprego, xerándose desesperación e auténticos dramas humanos.

Nos últimos cinco anos 100.000 mozas e mozos galegos tomaron o camiño da emigración.

as nosas autoestradas, dependentes de Madrid, as máis caras

Temos os salarios e as pensións máis baixas, e as peaxes máis caras. É máis caro desprazarse na Galiza que ir a Madrid:

Vigo-Madrid: 596 kms; 12,35 euros.
Ferrol-Tui: 205 kms; 20,20 euros.

Nos últimos once anos a AP-9 obtivo 1.270 millóns de beneficio (aumento do 61%), subindo as peaxes un 50% as peaxes entre A Coruña e Vigo. Gaña a empresa privada amparada desde o Goberno español. Perde o pobo galego.

